

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 2º BACHARELATO

2024-25

A continuación, indícase como se realizará a cualificación de cada trimestre:

1ª avaliación:

- proba escrita da lectura do libro *Retrincos*, de Castelao: 10%
- traballo de investigación que inclúe un esquema previo: 10%
- exame: 80%

2ª avaliación:

- proba escrita da lectura do libro *A esmorga*, de Blanco Amor: 10%
- proba oral dun traballo sobre a literatura durante o franquismo: 10%
- exame: 80%

3ª avaliación:

- traballo da lectura do libro *Matarte lentamente*, de Diego Ameixeiras: 10%
- exame: 90%

Das cualificacións dos traballos e probas escritas e mais dos exames restarase ata 2 puntos por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos; os erros moi graves (non uso de maiúsculas, pronomes mal colocados, emprego de tempos compostos ou uso de J ou Y) descontarán 0,1 cada un e o resto 0,1 cada 2 erros. A coincidencia total do mesmo erro en varias ocasións só se terá en conta unha vez. Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borranchos ou riscos).

En cada exame figurará a valoración que se outorga a cada pregunta. O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas terá a posibilidade de facelo noutra data, sempre que a ausencia estea debidamente xustificada. Se un alumno ou alumna copiase durante a realización dunha proba, outorgaríasele unha cualificación de cero na pregunta copiada.

A **nota final** calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo. Ademais existirá a posibilidade de aumentar esta nota media até 0'5 puntos pola lectura voluntaria dunha obra literaria que determinará previamente o profesor da materia, para o que se realizará un exame escrito na 2ª avaliación. Considerarase aprobada a materia sempre que se acade unha media igual ou superior a 4.5 puntos (antes do redondeo).

RECUPERACIÓNS

O alumnado suspenso terá a posibilidade de recuperar cada unha das avaliacións suspensas, a través dun exame escrito da unidade e/ou do libro de lectura obrigatoria, na primeira

quincena do inicio da seguinte avaliación agás na 3ª, na que se fará na semana seguinte ao cálculo da nota e sempre antes de rematar o curso. A ponderación empregada para o cálculo da nota consistirá en 90% para a unidade didáctica e 10% para o libro de lectura obrigatoria en cada avaliación. A cualificación destas recuperacións será a empregada para o cálculo da nota media sempre que sexa superior á nota inicial.